COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Concelleira responsable de Benestar Social, Participación e Igualdade, Dª Nereida María Canosa Domínguez (NEREIDA CANOSA DOMINGUEZ) a las 13:36 del día 20/03/2026. Mediante el código de verificación 0X3I4C0W1O3W6K0G0H10 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



| Área / Unidad | Documento | |
|---|---|---|
| OFICIALIA MAYOR OF0000<br>LPV | 1011AI015U | XGLEeU 26.02.2026<br>Acta |
| Código de verificación<br>0X3I 4C0W 1O3W 6K0G 0H10 | Expediente 101/2026/16<br>Fecha 11-03-2026 | |

**SESIÓN extraordinaria e urxente DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA VINTE SEIS DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS**

No Salón Vermello da Casa do Concello desta cidade, a vinte seis de febreiro de dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia do tenente de alcaldesa, D. José María Lage Tuñas e coa asistencia das tenentas de alcaldesa D.ª Nereida María Canosa Domínguez, Dª. Eudoxia María Neira Fernández e Dª. Noemí Díaz Vázquez, reuniuse, previa convocatoria regulamentariamente circulada, a Xunta de Goberno Local, co obxecto de realizar sesión extraordinaria e urxente en primeira convocatoria.

Asisten tamén D.ª María Esther Álvarez Martínez, oficial maior, desempeñando a función do órgano de apoio a concelleira secretaria suplente da Xunta de Goberno Local, así como D. Ángel David Murado Codesal, interventor xeral, e Dª. María José Macías Mourelle, xefa de servizo da Asesoría Xurídica, en funcións de colaboración e asistencia.

Dá fe do acto a concelleira-secretaria suplente da Xunta de Goberno Local, D.ª Nereida María Canosa Domínguez.

Asisten así mesmo os concelleiros *D. Antonio Deus Álvarez (PP) e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas (BNG).*

***SESIÓN extraordinaria y urgente DE LA JUNTA DE GOBIERNO LOCAL DE FECHA VEINTISÉIS DE FEBRERO DE DOS MIL VEINTISÉIS***

*En el Salón Rojo de la Casa Consistorial de esta ciudad, a veintiséis de febrero de dos mil veintiséis, bajo la Presidencia del teniente de alcalde. D. José María Lage Tuñas y con la asistencia de las tenientas de alcaldesa D. ª Nereida María Canosa Domínguez, Dª. Eudoxia María Neira Fernández e Dª. Noemí Díaz Vázquez, se reunió, previa convocatoria reglamentariamente circulada, la Junta de Gobierno Local, al objeto de celebrar sesión extraordinaria y urgente en primera convocatoria.*

*Asisten también D.ª María Esther Álvarez Martínez, oficial mayor, desempeñando la función del órgano de apoyo a la concejala secretaria suplente de la Junta de Gobierno Local, así como D. Ángel David Murado Codesal, interventor general, y Dª. María José Macías Mourelle, jefa de servicio de la Asesoría Jurídica, en funciones de colaboración y asistencia.*

*Da fe del acto la concejala-secretaria suplente de la Junta de Gobierno Local, D.ª Nereida María Canosa Domínguez.*

*Asisten así mismo los concejales D. Antonio Deus Álvarez (PP) e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas (BNG).*

Xustifica a súa ausencia a señora alcaldesa Dª Inés Rey García e os tenentes da alcaldesa D, Gonzalo Henrique Castro Prado e D. Francisco Dinís Díaz Gallego.

*Justifica su ausencia la señora alcaldesa Dª Inés Rey García y los tenientes de alcaldesa D. Gonzalo Henrique Castro Prado y D. Francisco Dinís Díaz Gallego.*

Ás trece horas, a Presidencia declara iniciada a sesión, e pasa a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

*A las trece horas, la Presidencia declara abierta la sesión, pasándose a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.*

## DECLARACIÓN DE URXENCIA

## *DECLARACIÓN DE URGENCIA*

**89.- Ratificación da urxencia da sesión**

***89.- Ratificación de la urgencia de la sesión***

Por **unanimidade**, en votación ordinaria, logo da explicación e xustificación para o efecto, acórdase:

*Por **unanimidad**, en votación ordinaria, previa explicación y justificación al efecto, se acuerda:*

Ratificar pola Xunta de Goberno Local a urxencia da sesión de conformidade co disposto no artigo 106. a) do Regulamento orgánico municipal e nos artigos 112 e 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2.568/1986, do 28 de novembro

*Ratificar por la Junta de Gobierno Local la urgencia de la sesión de conformidad con lo dispuesto en el artículo 106. a) del Reglamento Orgánico Municipal y en los artículos 112 y 113 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, aprobado por Real Decreto 2.568/1986, de 28 de noviembre*

## CONCELLERÍA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRÁTEXICA

## *CONCEJALÍA DE ECONOMÍA Y PLANIFICACIÓN ESTRATÉGICA*

### Dirección da Área de Administración Xeral

### *Dirección del Área de Administración General*

**Servizo de contratación**

***Servicio de contratación***

**90.- Expte. DPE/2026/2:**
**Aprobación do proxecto básico e executivo de demolición do mercado municipal de Palavea, autorización do gasto que supón a contratación das obras, aprobación do expediente de contratación dos pregos**.

***90.- Expte. DPE/2026/2:***
***Aprobación del proyecto básico y ejecutivo de demolición del mercado municipal de Palavea, autorización del gasto que supone la contratación de las obras, aprobación del expediente de contratación y de los pliegos***

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta (CVS 0908 0G2B 2010 3G09 0XRX) que consta no**

*Previa deliberación, **de conformidad con el informe–propuesta (CVS 0908 0G2B 2010 3G09 0XRX) que consta en el***



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Concelleira responsable de Benestar Social, Participación e Igualdade, Dª Nereida María Canosa Domínguez (NEREIDA CANOSA DOMINGUEZ) a las 13:36 del día 20/03/2026. Mediante el código de verificación 0X3I4C0W1O3W6K0G0H10 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

**expediente**, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, **por unanimidade,** en votación ordinaria, acórdase:

**PRIMEIRO.** – Aprobar de conformidade co artigo 231 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o proxecto básico e executivo de Demolición do Mercado Municipal de Palavea, (con código de documento número RMP19E4SXP)**,** redactado polo arquitecto Felipe Masid Fernández (col. nº 3990 do COAG), ao servizo da entidade *ITH Plannig and Design, SL*, asinado dixitalmente o 16.08.2025 e cun prazo de execución de 2 meses.

**SEGUNDO.** – Declarar con efectos de acta de reformulo o informe de implantación asinado arquitecto municipal do Servizo de Edificación, D. José Alberto Blanco Boubeta (con código de documento número 1111AI0045), precisando que o proxecto obxecto de aprobación (con código de documento número RMP19E4SXP), non sufriu alteración algunha, conforme o regulado no artigo 236 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**TERCEIRO.** – Autorizar o gasto de 51.854,34 € (IVE incluído) que supón a tramitación da contratación das obras contidas no proxecto básico e executivo de Demolición do Mercado Municipal de Palavea, cun prazo de execución de 2 meses.

O gasto que comporta este expediente de contratación, de tramitación ordinaria,

***expediente****, de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas****, por unanimidad,*** *en votación ordinaria, se acuerda:*

***PRIMERO.*** *– Aprobar, de conformidad con el artículo 231 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, el proyecto básico y ejecutivo de Demolición del Mercado Municipal de Palavea (con código de documento número RMP19E4SXP), redactado por el arquitecto Felipe Masid Fernández (col. nº 3990 del COAG), al servicio de la entidad ITH Planning and Design, SL, firmado digitalmente el 16.08.2025 y con un plazo de ejecución de 2 meses.*

***SEGUNDO.*** *– Declarar, con efectos de acta de reformulación, el informe de implantación firmado por el arquitecto municipal del Servicio de Edificación, D. José Alberto Blanco Boubeta (con código de documento número 1111AI0045), precisando que el proyecto objeto de aprobación (con código de documento número RMP19E4SXP) no ha sufrido alteración alguna, conforme a lo regulado en el artículo 236 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014.*

***TERCERO.*** *– Autorizar el gasto de 51.854,34 € (IVA incluido) que supone la tramitación de la contratación de las obras contenidas en el proyecto básico y ejecutivo de Demolición del Mercado Municipal de Palavea, con un plazo de ejecución de 2 meses.*

*El gasto que comporta este expediente de contratación, de tramitación ordinaria, se*



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido firmado por Concelleira responsable de Benestar Social, Participación e Igualdade, Dª Nereida María Canosa Domínguez (NEREIDA CANOSA DOMINGUEZ) a las 13:36 del día 20/03/2026. Mediante el código de verificación 0X3I4C0W1O3W6K0G0H10 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

imputarase á aplicación 20.933.6270024 (código de proxecto 2024/2/41/38), do orzamento municipal en vigor e con cargo á anualidade 2026.

**CUARTO.** – Aprobar o expediente de contratación e dispor a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, previsto no artigo 159 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, aprobando para o efecto o prego de cláusulas administrativas particulares, que haberá de rexer este contrato.

**QUINTO.** – Encomendar ao Servizo de Contratación a realización dos trámites necesarios para a apertura do procedemento de licitación e seguimento oportuno do expediente

**<u>Dirección da Área de Planificación Estratéxica</u>**

**Departamento de Proxectos Estratéxicos e Planificación Urbana**

**91.- Expte. DPE/2025/47:**
**Aprobación da exención da construción de prazas de aparcadoiro no interior da parcela de equipamento con referencia catastral 9176501NH4997N (actual mercado municipal de Palavea)**

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta (CVS 162Q 3X2T 4S39 1X3Y 0EA5) que consta no expediente**, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, **por unanimidade,** en votación ordinaria, acórdase:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a exención da construción de prazas de aparcadoiro no

*imputará a la aplicación 20.933.6270024 (código de proyecto 2024/2/41/38), del presupuesto municipal en vigor y con cargo a la anualidad 2026.*

***CUARTO.*** *– Aprobar el expediente de contratación y disponer la apertura del procedimiento de adjudicación mediante procedimiento abierto simplificado, previsto en el artículo 159 de la Ley 9/2017, de Contratos del Sector Público, aprobando a tal efecto el pliego de cláusulas administrativas particulares, que habrá de regir este contrato.*

***QUINTO.*** *– Encomendar al Servicio de Contratación la realización de los trámites necesarios para la apertura del procedimiento de licitación y el seguimiento oportuno del expediente.*

***<u>Dirección da Área de Planificación Estratéxica</u>***

***Departamento de Proyectos Estratégicos y Planificación Urbana***

***91.- Expte. DPE/2025/47:***
***Aprobación de la exención de la construcción de plazas de aparcamiento en el interior de la parcela de equipamiento con referencia catastral 9176501NH4997N (actual mercado municipal de Palavea)***

*Previa deliberación,* ***de conformidad con el informe–propuesta (CVS 162Q 3X2T 4S39 1X3Y 0EA5) que consta en el expediente,*** *de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas,* ***por unanimidad****, en votación ordinaria, se acuerda:*

***PRIMERO. -*** *Aprobar la exención de la construcción de plazas de aparcamiento*



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Concelleira responsable de Benestar Social, Participación e Igualdade, Dª Nereida María Canosa Domínguez (NEREIDA CANOSA DOMINGUEZ) a las 13:36 del día 20/03/2026. Mediante el código de verificación 0X3I4C0W1O3W6K0G0H10 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

interior da parcela de equipamento, coa referencia catastral 9176501NH4997N, segundo o disposto no artigo 6.6.4.1. apartado d), do Plan Xeral de Ordenación Municipal da Coruña, aprobado definitivamente o 25 de febreiro de 2013.

*en el interior de la parcela de equipamiento, con la referencia catastral 9176501NH4997N, segundo el dispuesto en el artículo 6.6.4.1. apartado d), del Plan General de Ordenación Municipal de A Coruña, aprobado definitivamente el 25 de febrero de 2013.*

**SEGUNDO.-** Aprobar a reserva da dotación de aparcadoiro necesaria baixo o espazo libre público situado no acceso oeste ao barrio, de conformidade co disposto no artigo 42.8 da LSG/16 e artigo 5.2.6.2., apartado 4, das normas urbanísticas do PXOM/13, cuxa xustificación e previsión deberá ser inserida no estudo de detalle.

***SEGUNDO. -*** *Aprobar la reserva de la dotación de aparcamiento necesaria bajo el espacio libre público situado en el acceso oeste al barrio, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 42.8 de la LSG/16 y artículo 5.2.6.2., apartado 4, de las normas urbanísticas del PGOM/13, cuya justificación y previsión deberá ser insertada en el estudio de detalle.*

**TERCEIRO.-** Notificar este acordo ao equipo redactor e aos Departamentos municipais interesados na tramitación do expediente.

***TERCERO. -*** *Notificar este acuerdo al equipo redactor y a los Departamentos municipales interesados en la tramitación del expediente.*

**CONCELLERÍA DE BENESTAR SOCIAL, PARTICIPACIÓN E IGUALDADE**

***CONCEJALÍA DE BIENESTAR SOCIAL, PARTICIPACIÓN E IGUALDAD***

**Dirección da Área de Benestar**

***Dirección del Área de Bienestar***

**Servizo de Servizos Sociais**

***Servicio de Servicios Sociales***

**92.- Expte. DPE/2026/2:**
**Aprobación da prórroga do Lote 7 do contrato do servizo de axuda a domicilio (inspección e control de calidade).**

***92.- Expte. DPE/2026/2:***
***Aprobación de la prórroga del Lote 7 del contrato del servicio de ayuda a domicilio (inspección y control de calidad).***

**Previa deliberación, de conformidade co informe–proposta** (CVS: 633X 323Z 410H 1V48 0E8A) **que consta no expediente,** de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, **por unanimidade,** en votación ordinaria, acórdase:

***Previa deliberación, de conformidad con el informe–propuesta*** *(CVS: 633X 323Z 410H 1V48* 0E8A*)* ***que consta en el expediente****, de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas,* ***por unanimidad,*** *en votación ordinaria, se acuerda:*



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Concelleira responsable de Benestar Social, Participación e Igualdade, Dª Nereida María Canosa Domínguez (NEREIDA CANOSA DOMINGUEZ) a las 13:36 del día 20/03/2026. Mediante el código de verificación 0X3I4C0W1O3W6K0G0H10 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

**Concello da Coruña**

**Primeiro.** Conceder a **primeira prórroga** do contrato do **Servizo de Axuda a Domicilio – Lote 7 (INSPECCIÓN E CONTROL DE CALIDADE)**, adxudicado á entidade **TEKNIMAP ENERXÍA E MEDIOAMBIENTE, S.L.**, con NIF **B20439675**, polo período comprendido entre o **01 de marzo de 2026 e o 31 de agosto de 2026 ou ata a** formalización dun novo contrato ou inicio efectivo da prestación se esta fose posterior, se esta se obxectou con anterioridade á finalización do prazo desta prórroga, de conformidade co previsto na cláusula 10ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no artigo 29 de a Lei 9/2017, de contratos do sector público.

***Primero.*** *Conceder la* ***primera prórroga*** *del contrato del* ***Servicio de Ayuda a Domicilio – Lote 7 (INSPECCIÓN Y CONTROL DE CALIDAD)****, adjudicado a la entidad* ***TEKNIMAP ENERGÍA Y MEDIOAMBIENTE, S.L.****, con* ***NIF B20439675****, por el período comprendido entre el* ***01 de marzo de 2026 y el 31 de agosto de 2026 o hasta la*** *formalización de un nuevo contrato o inicio efectivo de la prestación si esta fuera posterior, si esta se objetó con anterioridad a la finalización del plazo de esta prórroga, de conformidad con el previsto en la cláusula 10ª del Pliego de Cláusulas Administrativas Particulares y en el artículo 29 de la Ley 9/2017, de contratos del sector público.*

**Segundo.** Autorizar e dispoñer o gasto correspondente á prórroga que se concede, por un importe máximo de **72.556,16 € (IVE incluído)**, con cargo á aplicación orzamentaria **51.231.22723** con **código de proxecto 2026.3.51.2** e a seguinte distribución do gasto:

***Segundo.*** *Autorizar y disponer el gasto correspondiente a la prórroga que se concede, por un importe máximo de* ***72.556,16 € (IVA incluido),*** *con cargo a la aplicación presupuestaria* ***51.231.22723*** *con código de* ***proyecto 2026.3.51.2*** *y la siguiente distribución del gasto:*

| PERÍODO: | | IMPORTE | IMPORTE CON IVE |
|---|---|---|---|
| 01/03/2026 | 31/08/2026 | 59.963,77 € | 72.556,16 € |
| | **TOTAL:** | **59.963,57 €** | **72.556,16 €** |

Ao non haber máis asuntos que tratar, e ás trece horas e seis minutos, a Presidencia remata a sesión e redáctase a presente acta que asinan e autorizan a Presidencia e a concelleira-secretaria suplente da Xunta de Goberno Local; todo iso de acordo co disposto no artigo 126.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

*No habiendo más asuntos que tratar, y siendo las trece horas y seis minutos, la Presidencia levanta la sesión, redactándose la presente acta que firman y autorizan la Presidencia y la concejala secretaria suplente de la Junta de Gobierno Local; todo ello de conformidad con lo dispuesto en el artículo 126.4 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.*

Na Coruña, na data da sinatura electrónica

**Concelleira secretaria suplente da Xunta de Goberno Local**

Nereida María Canosa Domínguez



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido firmado por Concelleira responsable de Benestar Social, Participación e Igualdade, Dª Nereida María Canosa Domínguez (NEREIDA CANOSA DOMINGUEZ) a las 13:36 del día 20/03/2026. Mediante el código de verificación 0X3I4C0W1O3W6K0G0H10 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/